



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 24 DE SETEMBRO DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Decreto polo que se dispón que cese María Cruz Ferreira Costa como directora xeral de Calidade Ambiental, Sostenibilidade e Cambio Climático.
- Decreto polo que se dispón que cese José Antonio Cerdeira Pérez como director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- Decreto polo que se dispón que cese Guillermo Ramón Evia Pérez director do Instituto de Estudos do Territorio.
- Decreto polo que se nomea directora xeral de Calidade Ambiental, Sostenibilidade e Cambio Climático a María Sagrario Pérez Castellanos.
- Decreto polo que se nomea director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística a Jacobo Hortas García.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Decreto polo que se nomea director do Instituto de Estudos do Territorio a Francisco Barea Paz.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol da Xunta de Galicia da estrada provincial OU-0804 Alto do Covelo (OU-533)-A Veiga, dende o punto quilométrico 0+000 ao punto quilométrico 11+520.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol da Deputación de Ourense das estradas autonómicas OU-211 e OU-400 na súa totalidade.

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Decreto polo que nomea directora xeral de Formación e Colocación a Zeltia Lado Lago.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Acordo polo que se toma razón da creación, a proposta da Comunidade Autónoma de Galicia, de tres novos xulgados do social (o número 7 da Coruña, o número 4 de Lugo e o número 7 de Vigo).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e as Organizacións non Governamentais, Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación ONGD Galega de Reporteiros Solidarios (AGERESO) e Asamblea de Cooperación por la Paz, para a execución do proxecto "Cooperación Galega: O mundo que queremos 2020-2021", por un importe total de setenta e tres mil seiscentos noventa e un euros con seis céntimos (73.691,06 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do Convenio entre o Ministerio de Educación e Formación Profesional, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e a entidade pública empresarial Red.es, M.P. para a execución do programa *Educa en Digital*, mediante accións para apoiar a transformación dixital do sistema educativo.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a remisión ao Consello de Contas e ao Parlamento de Galicia da Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio 2019.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre o Organismo Autónomo Instituto de Estudos do Territorio, o Consorcio Turismo Ribeira Sacra e a Federación Galega de Municipios e Provincias polo que se aproba o pacto pola paisaxe para a protección, xestión e ordenación da paisaxe na futura área de especial interese paisaxístico "05-03 "Ribeira Sacra", por un importe de cincocentos cincuenta mil euros (550.000 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Vigo para a execución da actuación "Mellora do sistema de saneamento de Teis. Primeira fase. Termo municipal de Vigo (Pontevedra)", cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80%, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, por importe dun millón setenta e cinco mil euros (1.075.000€).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autorizan pagos anticipados ata o 80 % da subvención en relación á Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a empresas titulares de orquestras, e se procede a súa convocatoria para os anos 2020 e 2021, por importe de dous millóns de euros (2.000.000€).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a resolución da convocatoria de axudas do programa InnovaPeme.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDAD

- Informe sobre o Plan de continxencia para educación non presencial e semipresencial.



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a campaña de vacinación antigripal 2020.





O ANTEPROXECTO DA LEI REGULADORA DA ACCIÓN EXTERIOR E COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE GALICIA ASPIRA A MELLORAR A PROXECCIÓN DA COMUNIDADE GALEGA

- *O texto iniciará o seu trámite parlamentario despois dun proceso no que participaron os sectores aos que vai dirixido co obxectivo de acadar un amplo consenso social e político*
- *O anteproxecto pretende abordar a participación na negociación de tratados internacionais, mellorar a atención aos galegos no exterior, consolidar a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e dotar a Galicia de maior protagonismo na cooperación para o desenvolvemento*
- *A norma avoga por unha política activa de acordos internacionais para defender os intereses da pesca e aposta por proxectar a marca Galicia e o Camiño de Santiago no exterior*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá acordou enviar novamente ao Parlamento de Galicia o anteproxecto da Lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia, co fin de que inicie o trámite parlamentario para a súa aprobación, que quedou suspendida por mor da convocatoria electoral.

O texto comeza a tramitación parlamentaria despois dun longo proceso de elaboración no que participaron os sectores máis representativos aos que vai dirixida e coa intención de manter o consenso acadado durante todo o proceso.

Trátase dunha norma pioneira que aspira a mellorar a proxección de Galicia a través da coordinación da acción exterior galega. O anteproxecto pretende tamén regular a participación galega na negociación de tratados internacionais, mellorar a atención dos galegos no exterior; consolidar a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e a súa proxección nos países da lusofonía, e dotar a Galicia de maior protagonismo na cooperación para o desenvolvemento.

Ademais no ámbito dos acordos internacionais, hai un apartado específico para defender os intereses do mar no exterior, cunha política activa de acordos da UE con terceiros estados non membros para o aprovisionamento de produtos no mar e estimular acordos con estados non membros da UE para o acceso ás súas augas. No referente á imaxe exterior de Galicia, a acción exterior en materia de turismo vaise centrar na marca Galicia, e facendo especial fincapé no Camiño de Santiago.

A futura lei é resultado dun proceso de debate que comezou o 8 de febreiro de 2019 coa publicación da iniciativa no portal de transparencia da Xunta a efectos de trámite de consulta pública. O texto elaborouse coas máximas garantías de participación e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

transparencia co obxectivo de acadar un amplo consenso social e político. Logo da súa remisión ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, o pasado novembro o Consello Galego de Acción Exterior (CAEX) emitiu informe favorable, e o Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACODE) o aprobou por unanimidade.

A norma aproveita o novo marco xurídico configurado para a mellora da proxección das comunidades autónomas no exterior polas Leis 2/2014, do 25 de marzo, da Acción Exterior e do Servizo Exterior do Estado, e a 25/2014, do 27 de novembro, de Tratados e outros acordos internacionais.

Entre os seus obxectivos estratéxicos destacan a diversificación dos mercados exteriores; a captación de capital mercantil e industrial para investimentos produtivos, así como de capital humano cualificado; favorecer o retorno dos emigrantes e os seus descendentes; e afondar na execución dos obxectivos da Axenda Global de Desenvolvemento das Nacións Unidas.

O anteproxecto ocúpase da aplicación da Estratexia Galega de Acción Exterior (EGAEX), avalada en 2018 sen votos en contra do Parlamento, como elemento central na coordinación da acción exterior galega. A aprobación da EGAEX converteu a Galicia na primeira comunidade cunha ferramenta destas características, que dá prioridade á defensa dos dereitos da diáspora galega. Prevese o exame do borrador da EGAEX polo Consello da Xunta e que se aborde co Ministerio de Asuntos Exteriores.

Tamén regula a maneira de negociar e executar en Galicia tratados e acordos internacionais tanto na Unión Europea como fóra do marco xurídico da UE, aspecto este último clave coa materialización do brexit.

Ademais, régulanse distintas accións sectoriais no exterior. Así, no ámbito económico, recóllese a posibilidade de que a Administración autonómica examine no primeiro trimestre de cada ano o estudo *Doing Business*, do Banco Mundial, para avaliar a implantación de medidas coas que mellorar a atracción de capital foráneo. No ámbito educativo, avógase por reforzar o apoio á internacionalización das universidades galegas para captar talentos novos.

No eido da cooperación para o desenvolvemento, mantense o compromiso orzamentario e incorpóranse especificidades co fin de dotar de maior axilidade e flexibilidade á xestión de subvencións aos axentes de cooperación para os proxectos no exterior.

Creación de novas figuras

O texto aprobado hoxe polo Consello da Xunta incorpora figuras novidasas para mellorar a atención á diáspora galega, como a creación do *Asento de galegos no*



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

exterior con apoio nas xestións a distancia aos residentes no exterior. Ademais, as empresas no exterior poden constituír redes para aproveitar oportunidades de negocio e colaborar a través da inscrición no *Asento de empresas e profesionais galegos no exterior*. Do mesmo xeito, a lei propón regular o *Rexistro de foráneos con intereses en Galicia*, que incluírá persoas non españolas e residentes fóra de España que teñan un especial vínculo con Galicia.



A LEI DE RESIDUOS APOSTA POR IMPULSAR A RECOLLIDA SEPARADA PARA APROVEITAR O 100 POR CENTO A VÍA ÚTIL DOS RESIDUOS E CONSOLIDAR A IMPLANTACIÓN DA ECONOMÍA CIRCULAR

- *O Consello da Xunta acorda enviar ao Parlamento galego a nova Lei de residuos e solos contaminados, coa que o Goberno galego pecha o círculo de instrumentos para desprazar o modelo baseado no trínomo extraer-usar e tirar cara o circular*
- *O contido desta nova lei prima a prevención e reutilización dos residuos; establecendo que en 2025 debe reciclarse un 55% do peso actual*
- *Por primeira vez establécese a necesidade de fomentar a creación de puntos de recollida de residuos industriais, grandes superficies comerciais e edificios públicos, que deben implantar unha infraestrutura básica para a recollida selectiva de residuos*
- *Outra das novidades da lei é que determina que en 2023 os concellos deberán instaurar a recollida separada dos biorresíduos e en 2024 os residuos téxtiles e residuos perigosos de orixe doméstica*
- *Para apoiar ás entidades locais na implantación da recollida separada, poderán elaborar Programas locais de prevención e xestión de residuos, que serán compatibles cos da Xunta, e establécese un réxime xurídico para os puntos limpos*
- *Os servizos de restauración estarán obrigados por lei a entregar as fraccións sobrantes de comida non consumida aos clientes en recipientes que non sexan dun só uso, acadando un dobre obxectivo: eliminar o uso deste tipo de vaixela e reducir o desperdicio alimentario*
- *O contido desta lei camiña na liña dos principios inspiradores da Directiva marco de Resíduos e da política de residuos da Unión Europea, como fomentar a xerarquía na xestión dos residuos, incidindo no primeiro chanzo: a prevención*
- *Este novo texto lexislativo, xunto coas estratexia de Economía Circular e de Cambio Climático e Enerxía, pecha as ferramentas deseñadas pola Xunta de Galicia para avanzar no cambio de modelo produtivo e asentar a economía circular*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá acordou enviar novamente ao Parlamento de Galicia a nova Lei de residuos, coa que se pretende impulsar a recollida selectiva ou separada para aproveitar ao 100 por cento a vida útil dos residuos e consolidar o cambio do modelo produtivo, co fin de avanzar cara a economía circular; pois tras a aprobación da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía e da Estratexia de Economía Circular, Galicia pecha o círculo de instrumentos que axudarán á sociedade galega camiñar cara o novo modelo produtivo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Asemade, coa lei aprobada hoxe, Galicia sitúase á cabeza das rexións en adaptar e integrar a súa normativa ao contido da Directiva en materia de plásticos, converténdose nun referente en materia de calidade ambiental ao fixar mecanismos para loitar contra o plástico dun só uso e contra o desperdicio alimentario.

Un dos principios inspiradores da nova Lei de residuos é a xerarquía na xestión dos residuos. Se ben é certo que non hai mellor residuo que aquel que non se produce, o seguinte chanzo na cadea é impulsar a recollida selectiva e separada de residuos.

Para acadar este reto, ademais dos plans de xestión e prevención que elabora a administración, os concellos -no marco das súas competencias- poderán elaborar Programas locais de prevención e xestión de residuos. O apoio aos concellos tamén se fará dotando por primeira vez dun réxime xurídico aos puntos limpos, infraestruturas necesarias para a xestión de residuos especiais de competencia municipal. A Xunta ten elaborado un regulamento tipo que os concellos poderán adaptar.

Tamén se acorda a necesidade de fomentar a creación de puntos de recollida de residuos industriais, grandes superficies comerciais e edificios públicos, que deben implantar infraestruturas básicas para a recollida selectiva de residuos.

A nova lei tamén prioriza a reutilización e reparación daqueles materiais que se converten en residuos, co fin de darlles unha segunda oportunidade a través da súa reparación. Por primeira vez, fíxanse obxectivos e medidas para incrementar progresivamente os residuos domésticos e comerciais destinados á reutilización e a reciclaxe das fraccións de papel, metais, vidro, plástico, biorresiduos e outras susceptibles de ser preparadas para a reutilización. No seu conxunto deberán acadar un mínimo dun 55% en peso para o 2025. Este fito tamén se acadará coa posta en marcha de centros especializados na preparación para a reutilización de residuos, en especial dos residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, téxtiles e mobles -fracción que debe representar un 5% do global de residuos con este destino en 2025; e coa posta en marcha de medidas que fomenten o mercado da reciclaxe.

Unha das novidades que recolle o novo texto, tanto como concepto como regulación, son os programas de compostaxe doméstica e comunitaria, que se regularán por primeira vez de xeito específico. Así, as entidades locais onde existan instalacións deste tipo deberán informar ao órgano competente en materia de residuos de aspectos como: o número de persoas participantes nos programas, o número e a localización das infraestruturas, a cantidade de residuos tratados ou da cantidade de compost obtido, así como o resultado das analíticas do compost obtido.

Familiarizarse con novos residuos

A sociedade galega separa hoxe mellor que hai uns anos. As cifras da fracción vidro, papel- cartón e envases póñeno de manifesto; pero aínda así hai capacidade para

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

mellorar a ratio actual e acadar a meta establecida na Directiva Marco, que fixa para final de 2025 reciclar un 65% de todos os envases e cinco puntos máis un lustro despois.

Outra das novidades da nova Lei -que esixirá á sociedade a familiarizarnos con novos residuos- é a instauración, por parte dos concellos, da recollida separada dos biorresiduos a finais de 2023 e dos residuos téxtiles e residuos perigosos de orixe doméstica un ano despois.

Para loitar contra a plastificación do planeta e o desperdicio alimentario, a lei adáptase ao contido das Directrices Marco e da senda iniciada por Europa que prohíbe a entrega gratuíta de bolsas de plástico ou dun só uso, así como a vaixela (pratos, vasos, cuncas e bandexas alimentarias) de un só uso, é dicir, desbotables e de plástico. Mentres que para reducir as cantidades actuais de desperdicio alimentario, por primeira vez, establécese por lei que os titulares de establecementos de restauración estarán obrigados a entregar as fraccións sobrantes de alimentación non consumidas en recipientes que esteen compostos cun 50% de material biodegradable, quedando totalmente prohibida a vaixela de plástico. Neste sentido, destaca unha medida como promover un Código de Boas Prácticas en relación cos excedentes alimentarios, que vén a ser un pacto social no que se solicita a participación de todos os axentes implicados do Canal Horeca, principalmente, e para o que se fixan obxectivos co fin de mitigar o desperdicio alimentario.

Administración máis verde e áxil

Outra das novidades do novo texto, que agora se remite ao Parlamento, é o fomento da contratación pública ecolóxica. Nese sentido, o Goberno galego traballa nun manual, onde se establece a necesidade de priorizar o emprego de materiais reciclados ou recuperados nas diferentes actuacións. A modo de exemplo, apóstaase polo uso de áridos reciclados para a construción de infraestruturas; os solos artificiais para campos de xogos infantís poderán ser elaborados con pneumáticos reciclados; ou que cando se contraten os cambios de rodas do parque móbil da Xunta se empreguen pneumáticos recauchutados.

Por primeira vez, unha lei fai referencia á existencia da plataforma electrónica que a Xunta de Galicia pon á disposición dos produtores e xestores con instalacións na Comunidade Autónoma para permitir e facilitar o cumprimento das súas obrigas na materia, tanto respecto dos movementos realizados dentro da Comunidade como respecto dos movementos realizados entre outras rexións. Con esta nova regulación, os operadores evitan a duplicidade de documentación e os formularios que debían tramitar e acompañar ao traslado.

Solos contaminados



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Unha das novidades da Lei sobre a regulación dos solos contaminados é o establecemento dunha garantía financeira, que fixará o órgano competente en materia de solos contaminados para garantir o cumprimento das obrigas fronte á Administración derivadas das actuacións de recuperación de solos contaminados. Asemade, os titulares de actividades potencialmente contaminantes do solo están obrigados a remitir cada cinco anos un informe de situación ao órgano competente en materia de solos.

A Lei considera actividades potencialmente contaminantes do solo aquelas actividades de tipo industrial ou comercial que, xa sexa polo manexo de substancias perigosas, xa sexa pola xeración de residuos, poida contaminar o solo.

A declaración dun solo como contaminado obrigará a realizar as operacións necesarias para proceder á súa limpeza e recuperación, nos termos establecidos na resolución de declaración e pode comportar a suspensión da executividade dos dereitos de edificación e outros aproveitamentos do solo, no caso de resultar incompatibles coas medidas de limpeza e recuperación do terreo que se establezan, ata que estas se leven a cabo ou se declare o solo como non contaminado.

A NOVA LEI DE MUSEOS AVANZARÁ NA ACCESIBILIDADE, A IGUALDADE E O IMPULSO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS NOS CENTROS GALEGOS

- *O Consello da Xunta remite ao Parlamento o proxecto de lei logo de incluír tras o período de alegacións achegas para presentar estas institucións como servizos ao alcance de toda a sociedade e para favorecer o uso das TIC*
- *Esta norma, pioneira no eido autonómico, completa así a articulación legal das institucións culturais de referencia: arquivos, bibliotecas e museos*
- *Desenvolve dun xeito integral o Sistema galego de centros museísticos, que permitirá organizar e coordinar dun xeito máis eficiente o conxunto do sistema*

A nova lei de museos e outros centros museísticos de Galicia permitirá avanzar na accesibilidade universal, a igualdade e o impulso das novas tecnoloxías destas dotacións na Comunidade. Logo de superar o trámite de audiencia e información pública e de ter sido sometido aos informes preceptivos, o Consello da Xunta aprobou hoxe este proxecto de lei que agora será elevado á Cámara autonómica para o seu debate e tramitación.

No período de alegacións e informe da futura lei incluíronse melloras orientadas a integrar a perspectiva de xénero nestas dotacións, o respecto pola pluralidade e pola participación e colaboración dos diferentes axentes sociais, e por facer destes centros uns espazos plenamente accesibles. Deste xeito, esta regulación atende ás consideracións formuladas pola Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami) e o Consello Económico e Social (CES) e presenta os museos como centros de cultura ao alcance de toda a sociedade, en condicións de igualdade e non discriminación, considerando ademais as necesidades dos colectivos con maiores dificultades de inclusión social.

Así mesmo, apóstase pola implementación das novas tecnoloxías nestas dotacións, co dobre obxectivo de facilitar o acceso da cidadanía ao patrimonio museístico, pero tamén co fin de introducir sistemas integrados de información, documentación e xestión que melloren o funcionamento dos centros museísticos. A participación directa do sector realizouse a través dun grupo de traballo constituído o ano pasado, o que permitiu a participación na fase de redacción do texto de profesionais de recoñecido prestixio e serviu para tomar o pulso da situación e intereses do sector na nosa Comunidade, logrando así unha mellor orientación dos contidos.

Peché dun círculo lexislativo no eido cultural

A nova lei impulsada pola Xunta é un texto legal de marcado carácter técnico, que nace co obxectivo de estruturar o funcionamento interno das 93 institucións museísticas de rexistradas na nosa Comunidade, nas que se inclúen centros de titularidade pública e privada. Ademais, a norma completará a articulación legal das



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

institucións culturais de referencia, logo da posta en marcha da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, e a Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia. Tamén supón a actualización do marco normativo dos centros museísticos da Comunidade, de acordo co recollido na norma legal que rexe no noso Patrimonio Cultural, a Lei 5/2016.

Así pois, o obxectivo desta nova lei é impulsar os museos galegos, que recibiron o ano pasado máis de 1,5 millóns de visitantes, como activos de referencia no plano social, científico, educativo e económico.

Coordinación, colaboración e complementariedade

O proxecto de lei define cada unha das tipoloxías que integran o concepto máis amplo e xenérico de centro museístico (museos, coleccións museográficas e centros de interpretación do patrimonio cultural de Galicia) e delimita as condicións necesarias para a súa creación, así como aspectos organizativos e de xestión. Ademais, regula toda unha serie de medidas de dinamización neste ámbito e, finalmente, describe e fixa o réxime sancionador aplicable.

A lei ten por obxecto a regulación do réxime xurídico destas institucións de interese para a Galicia, así como o establecemento do Sistema Galego de Centros Museísticos, presidido polos principios de coordinación, colaboración e complementariedade, cuxo fin é a mellora da organización e funcionamento dos centros que o integran.

Deste xeito, a nova norma, promovida pola Consellería de Cultura e Turismo, lexislará por vez primeira o papel dos museos e ofrecerá un marco xurídico no que teñan cabida, non só as distintas realidades museísticas de Galicia, senón tamén a súa pluralidade tipolóxica e temática: etnográfica, arqueolóxica, casas-museo, ecomuseos etc., amosando estas institucións como o que son: activos de referencia no plano cultural, investigador, educativo e económico.

Sistema galego de centros museísticos

Este texto legal inclúe a creación do Sistema galego de centros museísticos. Trátase dun anovador sistema que será a estrutura organizativa e funcional de integración dos centros e redes museísticas da Comunidade Autónoma; concibido, dentro do máximo respecto á súa autonomía, para unha coordinación eficiente da xestión cultural e científica dos centros. Estará formado, por unha banda, por un órgano administrativo de dirección e coordinación, o Consello de Centros Museísticos de Galicia, e, ademais, polos diferentes museos, coleccións museográficas e centros de interpretación do patrimonio cultural debidamente autorizados que se integren neste Sistema.

Formar parte do Sistema leva asociados unha serie de beneficios, tales como a participación en liñas concretas de axudas que poidan establecerse, a prioridade no



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

acceso a determinadas accións colaborativas e formativas, así como na recepción de depósitos ou participación en accións de promoción cultural e turísticas, entre outros.

Así mesmo, facilítase a creación de redes de centros museísticos, para mellorar a cooperación e aproveitamento transversal dos medios dos que dispoñen, a fin de incrementar a súa eficacia no cumprimento das súas funcións. As redes constituirán subsistemas operativos para o funcionamento e organización do Sistema Galego de Centros Museísticos. Estableceranse redes atendendo ao ámbito territorial, titularidade, contido temático e discurso museolóxico e a participacións nas mesmas terá carácter voluntario.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O NOMEAMENTO DE MARÍA SAGRARIO PÉREZ CASTELLANOS COMO DIRECTORA XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO

- *Cesa a petición propia María Cruz Ferreira, quen ocupaba o cargo desde 2016*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a María Sagrario Pérez Castellanos nova directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático. Pérez Castellanos substitúe neste cargo a María Cruz Ferreira Costa, quen ocupaba o posto desde o ano 2016 e solicitou o seu cesamento a petición propia.

A nova responsable da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático é licenciada en Veterinaria pola Universidade Complutense de Madrid e domina cinco idiomas.

Conta cunha ampla experiencia na empresa privada, aínda que tamén ocupou diversos postos de responsabilidade na Administración pública, concretamente no eido da saúde e da alimentación. Así, foi directora xeral de Carteira Básica de Servizos do Sistema Nacional de Saúde e Farmacia do Ministerio de Sanidade, mentres que na Xunta ocupou a Dirección Xeral de Saúde Pública e a Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**O CONSELLO DA XUNTA APROBA O NOMEAMENTO DE JACOBO HORTAS
COMO DIRECTOR DA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE
URBANÍSTICA**

- *Cesa por decisión propia no seu cargo José Antonio Cerdeira Pérez, quen ocupaba este posto dende 2015*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a Jacobo Hortas García director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, cargo no que substitúe a José Antonio Cerdeira Pérez, quen ocupaba esta responsabilidade desde o ano 2015 e cuxo cesamento -a petición propia- tamén foi aprobado hoxe.

Hortas García é licenciado en Dereito pola Universidade de San Pablo-CEU, cursou os estudos superiores Xestión e disciplina urbanística e de Urbanismo, impartidos pola Escola Galega de Administracións Públicas (EGAP) e realizou unha tese sobre o alcance das obrigas dos axentes participantes no sector da construción.

O novo director ten ampla experiencia en materia urbanística, xa que desde o ano 2007 ata a actualidade é o responsable xurídico da Empresa municipal de vivenda, servizos e actividades da Coruña (EMVSA) e previamente (entre os anos 2002 e 2007) exerceu como avogado da Concellería de Urbanismo do Concello da Coruña.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O NOMEAMENTO DE FRANCISCO BAREA PAZ COMO DIRECTOR DO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

- *Cesa no cargo Guillermo Evia Pérez, quen ocupaba o posto desde o ano 2018*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a Francisco Barea Paz como director do Instituto de Estudos do Territorio (IET), cargo no que substitúe a Guillermo Evia Pérez, quen ocupaba esta responsabilidade desde finais de 2018.

Barea Paz é enxeñeiro superior pola Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña e técnico en prevención de riscos laborais nivel superior.

O novo responsable do IET ocupaba ata o momento o posto de director xeral nunha empresa de enxeñaría con sede na Coruña, asumindo na mesma labores de dirección e supervisión da elaboración de estudos e proxectos de estradas, obras hidráulicas, depuración de augas e urbanizacións, entre outros. Ademais, conta no seu currículo cunha ampla traxectoria profesional no sector privado.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA INTERCAMBIA COA DEPUTACIÓN DE OURENSE A TITULARIDADE DA ESTRADA PROVINCIAL OU-0804, DE ACCESO AO NÚCLEO URBANO DO CONCELLO DA VEIGA, E DAS ESTRADAS AUTONÓMICAS OU-211 E OU-400

- *A vía provincial discorre pola comarca de Valdeorras e suma uns 11,3 km de lonxitude, sendo eixe de comunicación que vertebra o territorio, unindo desde a estrada autonómica OU-533 o concello da Veiga con Viana do Bolo, O Bolo e A Rúa*
- *Co cambio de titularidade a Administración autonómica terá a competencia para actuar nesta estrada*
- *Co obxectivo de racionalizar a rede viaria e ofrecer o mellor servizo posible aos cidadáns, tamén se acorda o cambio de titularidade, a prol do ente provincial, das vías autonómicas OU-211 e OU-400 na súa totalidade*
- *Transfírese o tramo de 5,38 km de lonxitude da OU-211, ao seu paso polos municipios de Ribadavia e Cenlle; e os 3,61 km da OU-400, que percorren Ramirás*
- *Os decretos aprobados hoxe polo Executivo autonómico producirán efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autoriza o cambio de titularidade a prol do Goberno galego da estrada provincial OU-0804, desde a súa conexión coa estrada autonómica OU-533 no Alto do Covelo ata o inicio do núcleo urbano do municipio ourensá da Veiga.

O Executivo autonómico atende así a proposta de cesión trasladada pola Deputación Provincial de Ourense, á petición do Concello da Veiga, desta vía provincial de algo máis de 11,3 quilómetros de lonxitude, cuxo trazado discorre pola comarca de Valdeorras.

Coa transferencia, o Goberno galego asume a xestión deste eixe de comunicación que vertebra o territorio, toda vez que une, desde a OU-533, A Veiga con algunhas das principais vilas da comarca, como Viana do Bolo, O Bolo e A Rúa.

Deste xeito, os citados tramos beneficiaranse dos medios da conservación ordinaria e tamén será obxecto de actuacións promovidas pola Administración autonómica.

Transferencia a prol da Deputación da OU-211 e OU-400

O Goberno galego, co obxecto de racionalizar a rede viaria e darlle o mellor servizo posible aos cidadáns, acordou, ademais, o cambio de titularidade a prol da Deputación Provincial de Ourense das estradas autonómicas OU-211 e OU-400 na súa totalidade.

En concreto, transfírese á Deputación Provincial, os 5,38 km de lonxitude da OU-211, que comunica Val de Pereira e O Coedo, e que discorre polos municipios de Ribadavia e Cenlle; ademais da vía autonómica OU-400, que une Ramirás e Mosteiro, cunha lonxitude de 3,61 km, e que discorre na súa totalidade polo concello de Ramirás.



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Os cambios de titularidade tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, a proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Os decretos aprobados hoxe polo Executivo autonómico producirán efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A ZELTIA LADO LAGO DIRECTORA XERAL DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o nomeamento de Zeltia Lado Lago como directora xeral de Formación e Colocación da Consellería de Emprego e Igualdade.

A nova directora xeral é licenciada en Dereito pola Universidade da Coruña e Máster en Administración Local pola Universidade de Santiago de Compostela. Ata o de agora -e dende novembro de 2019- desempeñaba o cargo de xerente do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), dentro da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

Pertence ao Corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia e con anterioridade foi tamén xerente do Instituto Enerxético de Galicia (Inega) da Consellería de Economía, Emprego e Industria e xefa provincial na Coruña do Servizo de Consumo do Instituto Galego de Consumo. Tamén desempeñou responsabilidades como a Xefatura do Servizo de Contratación da Consellería de Economía e Industria e da Sección de Comercio Interior nese mesmo departamento da Xunta. Ademais, entre outros postos, ocupou tamén a Xefatura da Sección Xurídica no Consello Galego de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar.

Dentro da súa formación complementaria, ten realizado multitude de cursos relacionados, por exemplo, coa prevención de riscos laborais, o dereito informático, a iniciación á calidade ou o deseño e xestión de contratos de servizos, entre outras accións formativas.

A XUNTA INVESTIRÁ 850.000 EUROS NA POSTA EN MARCHA DOS TRES NOVOS XULGADOS DO SOCIAL PARA REFORZAR A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA ANTE A COVID-19

- *A contía inclúe os custos de persoal dos 24 xestores, tramitadores e auxilios que integrarán estes xulgados aprobados polo Ministerio de Xustiza*
- *O Goberno galego achegará outros 272.000 euros a financiar a prolongación de xornada de 83 funcionarios de 26 xulgados do social e mercantís, así como para o nomeamento de 13 efectivos en réxime de reforzo en tres xulgados “bis”*
- *A Xunta aportará 1M€ á implantación das medidas do plan do Goberno central para axilizar en Galicia a actividade xudicial*

A Xunta investirá 850.000 euros na creación dos tres novos xulgados do Social nº4 en Lugo, nº7 da Coruña e nº7 de Vigo, aprobada polo Ministerio de Xustiza. A partida máis elevada corresponde ao custo dos 24 funcionarios, que concentra o 85% das achegas – máis de 722.000 euros-, tendo en conta que cada xulgado contará cun cadro de persoal de 2 xestores, 4 tramitadores e 2 auxilios (o nomeamento de xuíces, fiscais e letrados da Administración depende do Ministerio de Xustiza).

O Ministerio de Xustiza só aseguraba a creación dun órgano xudicial en Galicia e a demanda da Xunta consensuada co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a través da Comisión Mixta permitiu que o Goberno central aceptara finalmente a posta en marcha dos tres tribunais propostos.

A implantación dos tres novos xulgados do social require que o Goberno central publique un Real Decreto previsto para o mes de novembro de maneira que, unha vez aprobado, a Administración autonómica poida adoptar as medidas necesarias para a súa posta en funcionamento.

Trátase dunha das medidas incluídas no Plan de actuación para axilizar a actividade xudicial dos órganos das xurisdicións social, contencioso-administrativa e xulgados mercantís do Goberno central, do que se dou conta ao Consello da Xunta o pasado 23 de xullo. O reforzo de Administración da Xustiza en Galicia ante a crise sanitaria da covid-19 implicará para o Goberno galego unha aportación de preto dun millón de euros.

Ademais da dotación de persoal e a dotación de mobiliario e equipamentos informáticos dos tres novos xulgados do social en Lugo, A Coruña e Vigo, a Xunta tamén financiará a prolongación de xornada do persoal de tribunais cunha carga de traballo superior ao 130% e apoiará a creación de xulgados “bis”. Estas medidas referentes aos auto reforzos e reforzos externos xa están en execución e suporán ata

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

fin de ano un custo duns 272.000 para a Administración de Xustiza da comunidade galega.

En concreto, a Xunta destinará 140.000 euros ás prolongacións de xornada de 83 funcionarios –xuíces, letrados da Administración de Xustiza, fiscais e persoal auxiliar– en réxime de auto reforzo de 26 xulgados do social e mercantís.

Tamén achegará 131.800 euros ao nomeamento de 13 efectivos de xestión, tramitación e auxilio que, en réxime de reforzo, apoien o traballo dos xuíces e letrados de 2 xulgados “bis” na xurisdición social e mercantil da Coruña e outro na xurisdición social de Lugo.

A primeira das dúas fases do Plan, que inclúe todas as medidas anteriores, desenvolverase ata finais de ano e afectará aos xulgados sociais e mercantís, mentres que a segunda fase, que abarcará de xaneiro a xullo de 2021, enfocarse á xurisdición contencioso-administrativa.

Reactivación tras a covid-19

O obxectivo destas medidas é recuperar o traballo das actuacións xudiciais suspendidas durante o Estado de Alarma a consecuencia da crise sanitaria xerada pola covid-19, que se suma a un previsible incremento da litixiosidade derivada da paralización de sectores industriais e empresariais.



A XUNTA COLABORA CON TRES ONGD GALEGAS PARA POÑER EN MARCHA A OITAVA EDICIÓN DO PROXECTO “COOPERACIÓN GALEGA: O MUNDO QUE QUEREMOS”

- *A Vicepresidencia primeira da Xunta asinará o convenio coas ONGD Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Reporteiros Solidarios e Asemblea de Cooperación pola Paz*
- *Este convenio dá cumprimento aos compromisos do IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á sinatura do convenio de colaboración coas ONGD galegas Solidariedade Internacional de Galicia (SIG), Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (Agareso) e Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) para a execución, do proxecto Cooperación Galega: O mundo que queremos 2020- 2021, que desta vez conta cun orzamento de 73.691 euros.

Así, coa sinatura deste convenio porase en marcha a oitava edición (2020- 2021) deste proxecto que será desenvolvido por 3 ONGD especializadas no ámbito da educación para o desenvolvemento. Ao longo destes anos traballouse co profesorado e alumnado dun total de 45 centros de educación secundaria a os que habería que sumarlle 6 máis desta edición, afondando nas desigualdades sociais existentes con especial atención á realidade dos países empobrecidos nos que traballa a Cooperación Galega.

O proxecto ten como obxectivo contribuír ao fomento dunha adolescencia galega consciente da interconexión entre as realidades locais e as dinámicas globais e ao apoio no exercicio da súa corresponsabilidade da construción da xustiza social, a través da educación para o desenvolvemento, a solidariedade e a loita contra a pobreza nos centros educativos galegos.

O presente convenio pretende dar cumprimento aos compromisos do IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021, recoñece o papel central que as ONGD cumpren no sistema de cooperación para o desenvolvemento, como actores relevantes para o diálogo de políticas e o fortalecemento do sistema galego de cooperación.

Antecedentes

No ano 2013 a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, en coordinación coa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, impulsou un proxecto piloto titulado “*Cooperación galega; o mundo que queremos*”, que foi desenvolvido no marco do Plan Proxecta, iniciativa de innovación educativa que ten por obxecto facilitar a colaboración entre distintos departamentos da Xunta de Galicia que dispoñen de programas dirixidos aos centros educativos.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Dado o éxito do proxecto piloto levado a cabo no curso 2013-2014, e que fora financiado no marco da convocatoria anual de axudas a proxectos de educación para o desenvolvemento, decidiuse darlle continuidade a través da formalización de convenios de colaboración, dadas as especificidades das actuacións levadas a cabo.

As ONGD son entidades con coñecemento experto para promover e xestionar intervencións de desenvolvemento e teñen como unha das súas misións a de fomentar a conciencia da cidadanía e a educación para o desenvolvemento no norte, co fin de promover valores de responsabilidade e solidariedade. Esta dobre tarefa xustifica o apoio que estas entidades reciben por parte da Xunta de Galicia e doutras institucións públicas, con cargo aos orzamentos respectivos.

A CONTA XERAL RATIFICA QUE EN 2019 GALICIA CUMPRIU UN ANO MÁIS OS OBXECTIVOS DE DÉFICIT E DÉBEDA FIXADOS NO SEU ORZAMENTO

- *A Comunidade galega rematou o exercicio cun déficit do 0,1% do PIB; incluíndo os 204 millóns da mensualidade do IVE de 2017 pendentes de recibir, reclamación xa admitida a trámite polo Tribunal Supremo*
- *Galicia pechou o ano cunha taxa de endebedamento do 17,5% sobre o PIB, medio punto inferior ao límite autorizado*
- *Reduciu a súa ratio de débeda/PIB por terceiro ano consecutivo e logrou baixar o seu volume de débeda por primeira vez en máis de 30 anos*
- *En 2019 a Xunta acadou unha execución do orzamento de gasto non financeiro por riba do 96%, que superou o 101% nos gastos correntes*
- *O aforro bruto acadou os 535 millóns de euros e axudou a que Galicia fose a 3ª comunidade que dedicou máis recursos a investimentos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a Conta Xeral da Comunidade Autónoma do exercicio 2019, na que se ratifica que Galicia cumpriu os obxectivos de déficit e de débeda pública recollido no seu orzamento. O Goberno galego liquidou o exercicio cun déficit do 0,1% do PIB e cunha taxa de endebedamento do 17,5%, medio punto por debaixo do obxectivo autorizado.

O conselleiro de Facenda e Administración Pública, Valeriano Martínez, presentou hoxe no Consello da Xunta esta Conta Xeral, na que se indica que o resultado de Galicia en termos de contabilidade nacional cumpre co límite autorizado polo Consello de Política Fiscal e Financeira (0,1% do PIB) para todas as administracións autonómicas; neste resultado están incluídos os 204 millóns da mensualidade do IVE de 2017, pendentes aínda de recibir, e cuxa reclamación xa está admitida a trámite polo Tribunal supremo.

Ademais, na Conta Xeral pódese apreciar que Galicia non só foi das comunidades autónomas que cumpriu de novo os obxectivos de déficit e de débeda, senón que liderou o tempo de pago a provedores. En concreto, o período medio de pago de Galicia no conxunto do ano 2019 foi de 19 días fronte aos 37,4 días da media autonómica, o que confirma que Galicia pagou de media as súas facturas na metade de tempo que o conxunto das comunidades.

Desta forma, a Xunta de Galicia, un exercicio máis, é quen de compatibilizar altos niveis de execución, con grandes esforzos investidores e un áxil pagamento aos provedores.

A Conta Xeral mostra que en 2019 a Xunta foi capaz de acadar unha execución do orzamento consolidado de gasto do 96,4%, un indicador aínda maior -do 101,2%- no

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

gasto corrente, que engloba todo o gasto social da Administración galega, especialmente o gasto sanitario, educativo e no eido dos servizos sociais.

Os cidadáns aforraron 111 millóns en impostos

Por outra banda, ratifica que as baixadas de impostos aprobadas polo Goberno galego desde xaneiro de 2016 -con especial incidencia no Imposto sobre Sucesións e Doazóns e no programa de Impostos cero no rural- tiveron un impacto de 111 millóns de euros, cartos que quedaron nos petos das familias e fogares galegos.

A Conta Xeral de 2019 tamén reflicte que Galicia acadou un aforro bruto de 535 millóns de euros, que permitiu incrementar o grao de investimentos da Comunidade Autónoma sen recorrer ao endebedamento.

O máximo esforzo investidor

Deste xeito, Galicia mantívose en 2019 entre as comunidades autónomas líderes en investimentos. Segundo os datos oficiais do Ministerio de Facenda, Galicia foi o pasado ano a terceira comunidade con maior esforzo investidor –un 12,5% do gasto non financeiro-, fronte ao 7,2% de media autonómico.

Con estes indicadores, o Executivo galego reafirma a súa aposta por un modelo de crecemento baseado no cumprimento dos obxectivos de déficit e de débeda para seguir reducindo os gastos en xuros, o que permite ter maior marxe de gasto nos investimentos, reforzar o gasto social e pagar con máis axilidade aos provedores da Administración.

Ademais, froito da solvencia da Comunidade Autónoma, a Xunta foi a administración autonómica que pagou con máis axilidade aos seus provedores. Segundo os datos oficiais do Ministerio de Facenda, no 2019 o período medio de pago de Galicia situouse en 19 días, o que supón o tempo máis baixo das 17 comunidades autónomas.

A Xunta de Galicia remitirá agora a Conta Xeral ao Parlamento e ao Consello de Contas cumprindo a normativa en vigor, modificada en 2015 para facela máis esixente e que establece como prazo máximo de remisión o 30 de setembro.



APROBADO O CONVENIO PARA A POSTA EN MARCHA DO PACTO POLA PAISAXE DA ÁREA DE ESPECIAL INTERESE RIBEIRA SACRA

- *O Consello da Xunta deu o visto e praxe ao texto de colaboración entre Xunta, Fegamp e Consorcio Turismo Ribeira Sacra, que inclúe algunhas proposta iniciais como a realización de murais e esgrafiados, delimitar itinerarios de interese paisaxístico, organización de eventos culturais e de ocio, así como unha mostra itinerante sobre esta zona que percorrerá toda Galicia*
- *A Xunta de Galicia avanza nun novo fito do Plan de acción estratéxico na Ribeira Sacra, que inclúe dez actuacións para a protección, xestión e ordenación da paisaxe que definen os 21 municipios das provincias de Lugo e Ourense que integran esta zona*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá deu o visto e praxe ao texto do convenio polo que se aproba o Pacto pola Paisaxe da Área de Especial Interese Paisaxística (AEIP) Ribeira Sacra, polo que se porán en marcha iniciativas para a protección, xestión e ordenación desta área conformada por municipios das provincias de Lugo e Ourense.

Así, a Xunta de Galicia -a través do Instituto de Estudo do Territorio, organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda- a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e o Consorcio Turismo Ribeira Sacra - representadas por 21 concellos das provincias de Lugo e Ourense- impulsan unha colaboración para levar a cabo actuacións que promovan a protección e mellora deste territorio.

Este Plan será financiado ao 100 por cen pola Xunta de Galicia, que destinará nos vindeiros tres exercicios 550.000 euros, que inclúen a elaboración dun documento técnico, no que se recolla a programación de actuacións que se van executar e tamén para redactar o proxecto técnico das obras a executar para os anos 2021 e 2022.

En todo caso, algunhas das propostas iniciais que se prevén, e que xa se recollerán no documento técnico, son a realización de murais e esgrafiados, mellora dos núcleos de gran interese arquitectónico, delimitación de itinerarios de interese paisaxístico con valores panorámicos, organización de eventos culturais e de ocio (xornadas e conferencias, festivais, ou a conmemoración dos 1100 anos de San Estevo,...), así como unha mostra itinerante da Ribeira Sacra que percorrerá toda Galicia, co fin de achegar a toda a xeografía galega a riqueza desta zona.

Novo fito do Plan de acción estratéxico

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda apunta que coa aprobación hoxe deste convenio avánzase un novo paso cara o cumprimento dos obxectivos



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

fixados no Plan de acción estratéxico da Consellería para a Ribeira Sacra, aprobado tamén polo Consello da Xunta en setembro do pasado ano.

Trátase dunha estratexia de actuación ambiental e de ordenación do medio físico, dotada cun orzamento de máis de 3,5 millóns de euros para a execución dun paquete de 10 actuacións para mellorar a planificación e a protección deste territorio a nivel paisaxístico, urbanístico e ambiental, regulando tamén a intervención no mesmo.

A modo de exemplo, a Xunta impulsou o Plan de Ordenación do Medio Físico para San Fiz de Asma, no Concello de Chantada, que avanza na súa tramitación, polo que antes de que remate setembro se iniciará o trámite ambiental.

A comezos deste ano declarouse a ARI (Área de rehabilitación integral) da Ribeira Sacra (a segunda de carácter supramunicipal e xestionada polo IGVS), que aglutina a 25 concellos e abranguen unha superficie de case 3.000 km². Co fin de impulsar a rehabilitación e recuperación desta zona, a Consellería habilitou unha liña de axudas por un importe de 850.000 euros, que se poden solicitar ata o vindeiro 30 de outubro.

A recuperación dos espazos públicos é outro dos obxectivos, polo que esta zona se beneficiou nos anos 2019 e 2020 do Plan Hurbe, cun total de oito actuacións en senllos concellos que suman un importe de 650.000 euros.

Para dar a coñecer o patrimonio natural que atesoura a Ribeira Sacra estase a traballar na posta en marcha a iniciativa Árbores con historia, unha nova ruta específica para esta zona que seguirá o esquema das tres rutas xa existentes (Santiago-Rías Baixas, Ourense Occidental e Ourense Oriental), co fin de divulgar os elementos incluídos no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras, que se localizan na futura Reserva da Biosfera.

De feito, todas e cada unha das iniciativas que recolle o Plan de acción estratéxico teñen tamén por finalidade apoiar a Candidatura da Ribeira Sacra á Reserva da Biosfera, que integrará tamén o Xeoparque Montañas do Courel. No caso de prosperar esta proposta, converteríase na sétima reserva da biosfera de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1 MILLÓN DE EUROS PARA AS OBRAS DE MELLORA DO SISTEMA DE SANEAMENTO DE TEIS, NO CONCELLO DE VIGO

- *O Executivo galego autoriza a colaboración co Concello para executar a 1ª fase das obras de saneamento nesta parroquia, financiadas integramente pola Xunta*
- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade estará en disposición de asinar o convenio co Concello de Vigo, que deberá realizar a tramitación necesaria para poder iniciar os traballos en 2021*
- *Augas de Galicia contratará e executará as obras, asumindo o Concello a súa titularidade, posta en servizo e explotación, así como a conservación e o mantemento*
- *Trátase de mellorar a actual rede de saneamento de Teis, que presenta problemas de infiltracións que provocan unha sobrecarga continua na rede, en prexuízo da calidade das masas de auga costeiras na contorna da depuradora*
- *Executarase unha rede de pluviais e mellorarase a rede de fecais na zona de Baixada a Ríos e actuarase no colector no río Paraixal, no entorno do parque de Bombeiros e na zona intermedia entre o IES de Teis e o cruce co ferrocarril*
- *O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan prestar de xeito eficaz as súas competencias municipais de saneamento e abastecemento*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o investimento autonómico de máis de 1 millón de euros para impulsar a mellora do sistema de saneamento da parroquia de Teis, no concello de Vigo.

O Executivo autonómico autoriza así a sinatura do convenio de colaboración técnica e financeira co Concello de Vigo para executar a primeira fase da mellora do sistema de saneamento desta parroquia.

Segundo o convenio autorizado hoxe polo Goberno galego, a entidade adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Augas de Galicia, asume integramente a financiación da actuación, que está cofinanciada con Fondos Feder 2014/2020.

Unha vez autorizado polo Consello, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade estará en disposición de asinar os vindeiros días o convenio de colaboración co Concello de Vigo, que deberá realizar a tramitación municipal. Unha vez feito isto, a Xunta procederá á licitación dos traballos co obxectivo de poder inicialos no vindeiro ano 2021. O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 decembro de 2021.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Augas de Galicia levará a cabo a contratación da execución das obras, así como a súa dirección e xestión ata completar a súa finalización.

Pola súa banda, o Concello de Vigo comprométese a incorporar ao patrimonio público municipal as obras, á súa posta en servizo, á súa explotación e á súa conservación e mantemento.

Os traballos que se propoñen executar ao abeiro deste convenio inclúen unha serie de melloras na actual rede de saneamento de Teis que permitan, por unha banda, reducir os problemas de infiltracións de augas brancas que están a provocar unha sobrecarga hidráulica continua; e, por outra, que as masas de augas costeiras no entorno da estación depuradora de augas residuais melloren os obxectivos medioambientais para augas de baño.

As intervencións definidas no proxecto redactado polo organismo hidráulico da Xunta, recolle as actuacións consideradas prioritarias para a mellora do sistema de saneamento nesta parroquia. Trátase da ampliación e mellora da rede separativa na zona de Baixada a Ríos e da renovación do colector do río Paraxail.

Na zona da Baixada a Ríos, construírase unha nova rede de pluviais con saída ao mar no dique existente na praia de Ríos, proxectada con suficiente capacidade para a súa prolongación futura. Tamén se mellorará a rede de augas fecais.

No colector do río Paraxail, actuarase en dous tramos deste: na súa parte máis augas arriba, no entorno do parque de Bombeiros, e na súa zona intermedia entre o IES de Teis e o cruce co ferrocarril.

O Goberno galego, aínda que a competencia do saneamento e abastecemento é municipal, vénlle prestando apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan prestar de xeito eficaz estes servizos.

A XUNTA LANZA UNHA NUNHA NOVA LIÑA DE AXUDAS DE 2M€ A DOUS ANOS PARA A REACTIVACIÓN DO SECTOR DAS ORQUESTRAS GALEGAS

- *O Consello da Xunta autorizou este investimento para un sector que conta en Galicia con 250 empresas e dá emprego directo e indirecto a máis de 5.000 persoas*
- *Os beneficiarios promocionarán o Xacobeo 2021 nas súas xiras e concertos dentro e fóra de Galicia e contarán cunha serie de concertos polos distintos concellos*

O Consello da Xunta vén de autorizar un investimento de 2 millóns de euros a dous anos para apoiar a actividade das orquestras galegas, a través dunha liña de axudas para colaborar con estas empresas nos gastos dos eventos que desenvolvan en Galicia ou fóra da nosa Comunidade e que nas súas xiras e materiais promovan o Xacobeo 2021 tanto neste último trimestre como no 2021, para que se consolide como un evento estratéxico na reactivación económica e emocional de Galicia.

As axudas outorgaranse en réxime de concorrência competitiva, valorando, entre outras cuestións, o número de actuacións realizadas en Galicia e fóra dela o ano pasado por contratos ou o número de compoñentes do elenco artístico e non artístico da orquestra. Sufragaranse gastos como o aluguer de equipos, locais, carpas ou similares, gastos directos dos artistas como salarios, viaxes ou dietas así como calquera outro gasto relativo no evento e serán para actividades que se celebren entre o 1 de outubro de 2020 e o 31 de outubro de 2021.

A liña de axudas enmárcase no actual contexto de crise sanitaria ocasionada pola covid-19 que incidiu de xeito directo nas industrias culturais en Galicia, especialmente nas orquestras que viron reducidas e canceladas as súas actuacións neste 2020. Esta inxección económica incidirá directamente nun sector do que forman parte máis de 250 empresas en Galicia e que dá traballo directo e indirecto a máis de 5.000 persoas.

Promoción ao Xacobeo 2021

Para minimizar o impacto e favorecer a súa recuperación e reactivación e na liña do que se vén facendo noutros sectores empresariais, o Goberno galego considera importante apoiar aos profesionais das orquestras tendo en conta o seu papel e servirá como estratexia de promoción tanto cultural como turística de Galicia. Esta medida dá continuidade ao traballo levado a cabo nos últimos meses por parte da Xunta de xeito transversal para impulsar ás empresas vinculadas co turismo e a cultura en Galicia. De feito, está en marcha o Plan de Reactivación desde finais do mes de abril e do que están en execución o 75% das medidas.



A XUNTA IMPULSA CON AXUDAS DE ATA 100.000€ A INNOVACIÓN E A COMPETITIVIDADE DE 38 PEMES E MICROEMPRESAS GALEGAS

- *A Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación vén de resolver a terceira convocatoria do programa InnovaPeme co que se prevé mobilizar 5,4M€ e manter ou crear ao redor de 180 postos de traballo*
- *O obxectivo da iniciativa é mellorar a capacidade innovadora do tecido empresarial para lanzar novos produtos ou servizos ao mercado*
- *Nesta edición introducíronse novidades para chegar a empresas que non tiñan desenvolvido plans innovadores con anterioridade e, de feito, o 80% dos beneficiarios é a primeira vez que reciben apoios da Axencia Galega de Innovación (Gain)*
- *O Goberno galego, a través das tres convocatorias que se levan feito, concedeu axudas para desenvolver 124 plans de innovación noutras tantas empresas, o que está a permitir que 618 persoas manteñan o seu emprego ou sexan contratadas*
- *As firmas beneficiarias poden solicitar acompañamento financeiro posterior para a comercialización e industrialización a través dos fondos de XesGalicia, os Instrumentos Financeiros Innovadores (IFI) ou o programa ReAcciona*

A Xunta vén de resolver a terceira convocatoria do programa InnovaPeme co que impulsará a innovación e a competitividade de 38 pemes e microempresas galegas a través de axudas que permitirán mobilizar 5,4 millóns de euros –financiamento público e privado ao 50%–, ademais de prever tamén o mantemento ou contratación de ao redor de 180 persoas, o que permitirá avanzar no obxectivo de reter e captar talento e profesionais altamente cualificados para Galicia. Con esta iniciativa, o obxectivo fundamental da Administración autonómica é apoiar ás pequenas empresas que presentan maiores dificultades para innovar e, deste xeito, contribuír ao desenvolvemento a futuro dun ecosistema empresarial máis innovador.

Deste xeito, a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación destina ao programa InnovaPeme 2,7 millóns de euros para colaborar nos plans de innovación do tecido empresarial de Galicia. En concreto, daquelas firmas de menor tamaño que necesitan apoio para potenciar ou desenvolver a súa actividade innovadora co reto de lanzar novos produtos ou servizos e mellorar os seus procesos ou a súa organización.

O fundamental é que as pequenas empresas teñan a posibilidade de innovar para poder diferenciarse e de mellorar a súa capacidade de xerar valor dentro da propia compañía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Así, das firmas beneficiarias –que recibirán axudas que oscilan entre os 40.000 e 100.000 euros–, o 50% son pemes e a outra metade correspóndense con microempresas con menos de 10 traballadores.

Nesta convocatoria introducíronse novidades para chegar a aquelas pemes que non tiñan desenvolvido plans de innovación con anterioridade. De feito, preto do 80% das empresas beneficiarias é a primeira vez que reciben axudas por parte da Axencia Galega de Innovación (Gain), polo que estes apoios lles supoñen un salto cualitativo de cara a consolidarse no futuro como empresas innovadoras en Galicia.

Esta filosofía da que parte InnovaPeme –o primeiro programa de axudas individuais directas que se destinou especificamente a mellorar a capacidade innovadora das microempresas, pequenas e medianas empresas galegas, cofinanciadas polo fondo europeo Feder– entronca cun estudio elaborado recentemente por Gain para determinar o perfil das empresas potencialmente innovadoras e establecer os criterios precisos para a súa identificación.

Sectores e localización

No caso concreto de InnovaPeme, aínda que se apoiaron unha gran variedade de sectores, as firmas que recibiron máis axudas pertencen aos ámbitos da enxeñería, agroalimentación, bens de equipo, industria e enerxía. Por provincias, Pontevedra é a maior beneficiada destes apoios (60,6%), seguida da Coruña (29%).

Entre as empresas que acadaron a axuda destacan compañías orientadas ao desenvolvemento de equipos tecnolóxicos e solucións aplicadas ao sector mariño e a acuicultura, centrándose a súa actividade de innovación en mellorar as artes de pesca e equipos de procesado de alimentos; á transformación de pedra natural, especialmente granito; á industrialización e comercialización de vehículos 100% eléctricos; e á investigación, desenvolvemento e comercialización de produtos de micoterapia para veterinaria.

Obxectivos

As axudas, coas que se prevé unha mobilización de 5,4 millóns de euros e o mantemento e creación de ao redor de 180 postos de traballo, permitirán mellorar a capacidade de innovación, aumentar a competitividade e o tamaño do mercado das empresas, así como potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e fomentar o investimento en I+D por parte das empresas. Trátase tamén de impulsar a xeración de ideas desde dentro, sistematizar a innovación.

InnovaPeme, en consonancia coas prioridades establecidas na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3), permitirá que as empresas poidan desenvolver os seus plans de innovación ao longo de 18 meses, ata o 30 de novembro de 2021. O obxectivo é que, despois de que teñan implantados os seus proxectos, as



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

empresas melloren os seus indicadores de innovación, contando, así, con maior gasto en I+D+i e máis persoal neste ámbito; teñan máis produtos e servizos innovadores no mercado; e mellores e máis eficientes procesos que as fagan máis competitivas.

Ademais, as entidades beneficiarias poderán solicitar acompañamento financeiro posterior para a comercialización e industrialización da innovación a través dos fondos de capital risco vinculados á innovación xestionados por XesGalicia; dos Instrumentos Financeiros Innovadores (IFIs) do Igape; e do programa ReAcciona, que ofrece ás pemes servizos complementarios como protección industrial e intelectual, o deseño para a innovación ou incentivos fiscais.

InnovaPeme, en definitiva, busca mellorar a competitividade e o tamaño do mercado das pemes galegas a través da innovación e a creación de postos de traballo cualificados; estimular ás empresas para que leven a cabo en Galicia as súas actividades de I+D; e impulsar a transferencia de I+D ao tecido empresarial galego a través da colaboración con organismos de investigación públicos e privados ou empresas provedoras de tecnoloxías facilitadoras. De feito, as 38 empresas beneficiarias da terceira convocatoria do programa, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), teñen 61 colaboracións con algún organismo de investigación con sede en Galicia ou con empresas facilitadoras.

Balance das tres convocatorias

A Xunta de Galicia, a través das tres convocatorias de InnovaPeme, concedeu axudas por valor de 10,5 millóns de euros, que beneficiaron a 124 compañías, sendo a contía media recibida por empresa de máis de 80.300 euros. Os apoios están a mobilizar 21 millóns de euros e a permitir o mantemento ou creación de 618 postos de traballo. O 44% das empresas beneficiarias son microempresas, o 35% pequenas empresas e o 21% restante medianas empresas. InnovaPeme, ademais de ir na liña da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3), encádrase na Axenda Industria 4.0.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA PORÁ A DISPOSICIÓN DO ALUMNADO ARREDOR DE 20.000 DISPOSITIVOS DIXITAIS MÁIS E UN PLAN DE CONTINXENCIA PARA O ENSINO NON PRESENCIAL E SEMIPRESENCIAL

- *Aos 34.000 portátiles de E-Dixgal sumaranse estes equipos, destinados ao alumnado máis vulnerable*
- *Isto supón que a Xunta poderá contar con arredor de 55.000 equipos á disposición do alumnado galego*
- *Habilitaranse novos contidos dixitais para o alumnado e darase formación ao profesorado para aproveitar todas as posibilidades das aulas virtuais dos centros*
- *Así mesmo, haberá formación para todos os membros da comunidade educativa*
- *O Plan estrutúrase en catro eixos, con medidas dirixidas ao alumnado, ao profesorado, aos centros e ás familias*

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, en colaboración con docentes expertos na materia, elaborou un Plan de Continxencia para a Educación non presencial e semipresencial, a través do que se porá á disposición do alumnado galego –con especial atención ao máis vulnerable– arredor de 20.000 dispositivos dixitais máis para a actividade educativa. Estes dispositivos sumaranse aos 34.000 portátiles de E-Dixgal, así como aos que estarán a disposición nos Centros de Formación e Recursos do Profesorado, o que supón que a Xunta poderá contar con arredor de 55.000 equipos a disposición do alumnado galego.

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre este Plan e deu luz verde tamén a unha acción paralela necesaria para o seu desenvolvemento, en concreto, a sinatura dun convenio para a adhesión da Xunta de Galicia ao Programa Estatal “Educa en Digital” que destinará 8,5 millóns de euros cofinanciados pola Xunta de Galicia, a adquisición de portátiles con conectividade para alumnos en situación de vulnerabilidade.

O obxectivo deste plan é adiantarse ás necesidades que poidan xurdir, tanto nos casos de semipresencialidade de alumnos de Bacharelato e FP aprobados pola Inspección educativa, como nos que haxa unha corentena nun centro por un caso confirmado ou situacións similares. Neste sentido cómpre lembrar que o desenvolvemento do curso 2020/2021, o primeiro nun contexto de pandemia, é un reto con circunstancias impredecibles, ás que o Goberno galego busca dar resposta por anticipado, neste caso no eido educativo.

O Plan de Continxencia para a Educación non presencial e semipresencial vai estar estruturado arredor de catro eixos de actuación, con medidas dirixidas ao alumnado, ao profesorado, aos centros e ás familias. Del fará seguimento o Comité Educativo,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

constituído o pasado luns, que conta cun subgrupo de traballo centrado, precisamente, no ensino virtual.

Dotación de equipamento

O alumnado constitúe o primeiro eixo deste Plan, con dúas accións principais previstas, en concreto a dotación de dispositivos dixitais e a posta á disposición de contidos.

No referido á dotación de equipamento, a previsión é que a Xunta de Galicia conte ao longo do curso cun total de 55.000 dispositivos electrónicos que estean xa prestados ou se poidan prestar ao alumnado que o precise para seguir a educación non presencial ou a distancia.

Neste curso 2020-2021 serán xa 34.000 os alumnos que estudarán con libro dixital e 470 os centros integrados na iniciativa E-Dixgal para o que se investirán 5,3 millóns de euros, en equipamento, tanto para aulas de Primaria e da ESO como para as de Formación Profesional e en contidos dixitais, gratuítos para as familias. Isto significa, ademais, que este é o ano con máis incorporacións a este programa desde a súa posta en marcha, cun total de 125 novos centros e outros catro que amplían etapa. Isto supón incrementar o número de aulas con E-Dixgal en 200, o que supón 8.000 novos equipos de alumnado e 2.000 equipos para o profesorado.

Por outra banda, ao abeiro da participación do Goberno galego en *Educa en Digital*, está prevista a chegada de ata 17.000 equipos, en función dos custes por equipo que estipule este organismo estatal no proceso de contratación, que será licitado por Red.es. A previsión é comezar a distribuír os equipos, en réxime de cesión temporal, en torno ao mes de febreiro.

A este acordo, autorizado hoxe polo Consello da Xunta, sumaranse outros 3.000 equipos que achegará a Administración autonómica, 1.000 dos cales están xa dispoñibles no remanente de portátiles da iniciativa E-Dixgal e os 2.000 restantes en proceso de adquisición coa previsión de que estean dispoñibles ao longo deste primeiro trimestre do curso.

A maiores, está previsto ter un Fondo de continxencia de equipos nos Centros de Formación e Recursos do Profesorado (co equipamento dos propios CFR) para abordar situacións sobrevidas de dispoñibilidade inmediata.

Contidos para o alumnado

No apartado dos contidos para o alumnado, o Plan inclúe orientacións sobre o estudo e aprendizaxe semipresencial e non presencial, con estratexias de organización, aprendizaxe autónomo e metacognición.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Nesta aposta pola transformación dixital da Educación a Xunta quere avanzar coa extensión dos contidos dixitais para os cursos de 3º e 4º da ESO. Con este obxectivo a Amtega vén de licitar un contrato que permitirá dispoñer de contidos dixitais de dous provedores distintos por cada materia de destes cursos.

Cun importe de 600.000 euros por dous anos, prorrogables outros dous, o contrato beneficiará a preto de 15.000 alumnos duns 130 centros E-Dixgal que imparten 3º e 4º da ESO a partir do segundo semestre do vindeiro curso, que será cando estean dispoñibles estes contidos.

Así mesmo, a App Abalar móbil continuará a funcionar como canle de comunicación coas familias sobre protocolos covid de volta ao cole. Habilitarase a posibilidade, establecida no protocolo, de que as familias podan comunicar aos centros de maneira telemática, as ausencias dos seus fillos por sintomatoloxía compatible coa covid. Neste sentido cómpre sinalar que á aplicación AbalarMóbil accedían unha media de 60.000 usuarios diarios durante o confinamento, acadando picos de máis de 200.000. Actualmente hai 290.000 usuarios rexistrados na app.

Aulas virtuais e Banco de Recursos Educativos

O segundo eixo do Plan, dirixido ao profesorado, estará centrado fundamentalmente na formación. En concreto está prevista a elaboración dun Plan de formación sobre as Aulas Virtuais en centros, dirixido a afondar na metodoloxía que se debe aplicar para reforzar o ensino a través das Aulas Virtuais dos centros e aproveitar ao máximo os recursos que estas ofrecen. Ademais porase a disposición da comunidade educativa un Banco de Recursos Educativos, para facilitar a semipresencialidade.

Cómpre lembrar que, ademais do reforzo do equipamento e contidos, a Xunta ten á disposición da comunidade educativa diferentes plataformas e aplicacións que facilitan o ensino dixital, como se demostrou durante o período de confinamento, no que o seu uso foi intensivo. As aulas virtuais dos centros chegaron a cuadruplicar os accesos pasando de 1.000.000 a 4.000.000 millóns.

Tamén se intensificou o uso da plataforma do libro dixital que pasou dunha media de 1 millón de accesos cada hora antes da crise a 2,3 millóns de accesos, e o servizo de videoconferencia para alumnos e profesores, que se puxo en marcha ao inicio do estado de alarma, chegou a rexistrar nun só día preto de 10.000 xuntanzas virtuais.

Formación e xestión

O eixo terceiro vai dirixido aos centros, para facilitarlles a xestión e organización da non presencialidade e da semipresencialidade, con accións como a publicación de orientacións sobre semipresencialidade para alumnado e familias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Ademais, haberá formación para todos os membros da comunidade educativa. De feito, xa se están desenvolvendo algunhas accións formativas dun plan específico de formación desde a perspectiva educativa e sanitaria-educativa, que se desenvolve xunto con diversos expertos. Vai dirixido aos distintos compoñentes da comunidade escolar e desenvolverase mediante formatos flexibles e facilmente accesibles como os webinarios. Así mesmo, estanse desenvolvendo xa accións específicas de formación e acompañamento a persoal dos equipos covid dos centros, en coordinación con Sanidade, e formarase o persoal de administración e servizos nas esixencias que impón a covid.

Familias

No referido ás familias, cuarto eixo do Plan para a Educación non presencial ou semipresencial, a acción céntrase na información, para o que xa se habilitou no Portal Educativo o espazo *Volvamos á escola con sentidiño*, desde o que se ofrece (e se continuará actualizando) información accesible e comprensible sobre a situación derivada da covid-19 en materia de prevención, seguridade e hixiene nos eidos familiar e educativo. O espazo ofrece explicacións pormenorizadas dos protocolos e fundamentación científica das decisións e medidas adoptadas, así como información e formación sobre acompañamento educativo, por exemplo, pautas para o fomento da autonomía do alumnado.

En calquera caso manterase unha canle fluída de comunicación coas familias a través da app de AbalarMóbil, con información sobre os distintos aspectos da situación educativa vinculada a pandemia.

SANIDADE INICIARÁ A CAMPAÑA DE VACINACIÓN ANTIGRIPIAL O 13 DE OUTUBRO CON 865.830 DOSES, 200.000 MÁIS QUE O ANO ANTERIOR

- *A vacinación fronte a gripe ten especial relevancia este ano no contexto de pandemia polo COVID sobre todo para maiores, mulleres embarazadas e aquelas persoas con condicións médicas que as predispoñan ao padecemento de complicacións por esta enfermidade*
- *Mantense a medida de adiantar unha semana a vacinación para os profesionais sanitarios, que poderán facelo a partir do día 5 de outubro*

A Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade iniciará este ano a campaña de vacinación antigripal entre o 13 de outubro para a poboación en xeral e o 31 de decembro deste ano. Os profesionais sanitarios poderán iniciar a súa vacinación a partir do 5 de outubro. Sanidade mantén esta medida de adiantar unha semana a vacinación dos profesionais sanitarios dados os bos resultados acadados nas campañas anteriores e para facilitar e favorecer a inmunización previa ao inicio da mesma.

Galicia ten este ano un total de 865.830 doses dispoñibles para esta campaña, 200.830 doses máis que na campaña do 2019, e suficientes para conseguir e incluso incrementar estas altas coberturas propostas como obxectivo. A Consellería de Sanidade mercou inicialmente un total de 617.500 doses cun orzamento total para a compra destas vacinas de 3.234.738 euros, e o resto de doses, un total de 248.330, son subministradas polo Ministerio de Sanidade.

Este ano vacinarse fronte á gripe ten unha especial relevancia, xa que no contexto da pandemia polo covid poden coincidir ambas infeccións, de aí a importancia da vacinación antigripal das persoas en risco e a redución da carga desta enfermidade.

A vacinación ofértase gratuitamente para todas as persoas nas que está indicada a vacinación como as de 60 ou máis anos, residentes en institucións pechadas de calquera idade, mulleres embarazadas e tamén para aquelas entre 6 meses e 59 anos con factores de risco que os predispoñen a padecer complicacións derivadas da gripe.

A vacinación antigripal tamén é especialmente relevante, máis que nunca, nos traballadores sanitarios, colectivo imprescindible na loita fronte ao SARS-CoV-2. Tamén é importante a oferta de vacinación antigripal ao persoal socio sanitario das residencias ou de coidado a persoas vulnerables e tamén para persoas que desenvolven servizos esenciais para a comunidade.

Prevención para reducir impacto

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O obxectivo principal desta actuación estacional é, mediante a prevención, tentar reducir a mortalidade, a morbilidade e o impacto da enfermidade, para iso ofértase a vacinación de xeito gratuíto ás persoas maiores de 60 anos ou a menores desa idade con factores de risco co fin de acadar unhas adecuadas coberturas que reduzan esa morbimortalidade e os custos socio-económicos asociados ao seu padecemento.

Os obxectivos da vacinación antigripal en Galicia están adaptados ás recomendacións da OMS, e entre eles destaca a cobertura na poboación de 65 ou máis anos e nos traballadores sanitarios do Servizo Galego de Saúde igual ou superior ao 75% e en embarazadas e persoas pertencentes a grupos de risco igual ou superior ao 60%

Entre as novidades deste ano destaca a inclusión na poboación diana como grupo de risco as mulleres no puerperio, ata 6 meses tralo parto, se non foron vacinadas durante o embarazo.

Tres tipos de vacinas da campaña

A Consellería de Sanidade intenta acadar os produtos máis vantaxosos dispoñibles no mercado e adecuar ao máximo as vacinas utilizadas e as características da poboación á que van destinadas, co axuste da mellor indicación para cada unha delas.

Por primeira vez, Galicia empregará nesta campaña unha vacina tetravalente de alta carga, 60 microgramos, para as persoas máis vulnerables, persoas de 65 ou máis anos ingresadas en residencias.

Ademais, empregaranse vacinas antigripais tetravalentes, para toda a poboación en risco entre os 6 meses e os 64 anos; vacina trivalente adxuvada, de maior poder inmunoxénico para todos as persoas de 65 ou máis anos.